

Eduardo Blanco-Amor en Santiago
Por Anxo Tarrío Varela

O vindeiro ano, toda Galicia, a metropolitana e a de alén mar, vai erguer homenaxe a un dos seus mellores e máis leais fillos: Eduardo Blanco-Amor. Esculcador de múltiples aspectos da nosa realidade, glosador entusiasta dos nosos poetas e cidades, foi Blanco-Amor, sen embargo, un solitario do mundo, un aristócrata do pensamento e da beleza, que non puido disfrutar en vida os agarimos e recoñecementos da sociedade galega aos que, sen dúbida, foi seguro acreedor, moi por enriba doutros ben máis mediocres e integrados, asentidores perpetuos coa palabra do poder.

Emigrante-exiliado dende os 22 anos, mesmo na súa propia terra, xornalista de sona en Latinoamérica, novelista excelente en castelán e en galego, ensaísta fino e sutil, autor e director de teatro en Buenos Aires, cronista do Cono Sur Americano, embaixador da cultura e dos desacougos galegos naquelas latitudes e ourensán até os miolos, Blanco-Amor tivo tempo aínda para lle dedicar algo do seu prolífico traballo literario á nosa cidade, a Santiago de Compostela, que para el era a "cidade-patria" de todos os galegos e onde Galicia trascende o seu "encanijante localismo". Foron moitas as ocasións nas que a súa pluma se demourou para facer o canto da cidade e, sen traizoar a mirada crítica que o caracterizaba, sempre xurdiu do seu papel un estouro entusiástico e emocionado diante da visión de Compostela.

Moito se lle debe a Blanco-Amor, en moitos lugares do mundo e tamén en Santiago, polo que é de esperar que, xa que non o fixo en vida do grande escritor, tente agora Compostela de amortizar unha parte da débeda no vindeiro 93. Un ano que, se vai ser xacobeo de verdade, non debe esquecer a un dos seus peregrinos máis leais e efectivos.

Quizais unha publicación de honra coa recolleita dos seus escritos sobre da nosa cidade sería oportuna e xusta, se non queremos que fiquen no olvido algunhas das palabras máis fermosas que sobre dela se escribiron nunca. Que así sexa, se é que así pode ser e non se nos levan todo o presuposto Michael Jackson ou Julio Iglesias, incapaces de articular nin unha palabra semellante a estas que Blanco-Amor deixou escritas sobre a torre do reloxo por catro patacóns:

La Berenguela; no hay en el mundo así de custodia oríface trasmutada a piedra por los mágicos canteros gallegos; así de bailarina, juglaresa y oficiante, todo junto otra vez: polifonía de lo vital y lo sacral, subiendo hacia Dios desde el corazón y las manos del hombre...

El Correo Gallego, 10-setembro-1992